

BOLSA NACHO MIRÁS



Bases

BOLSA 'NACHO MIRÁS' PARA NOVOS TITULADOS

IV Edición

1. A bolsa

Con esta iniciativa, organizada e desenvolvida polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e patrocinada por Abanca, ditas entidades pretenden apoiar proxectos xornalísticos de novos titulados en Ciencias da Comunicación ou Xornalismo. O proxecto conta tamén coa colaboración da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC”.


O obxectivo é que os xornalistas que acaban de saír da facultade teñan unha posibilidade real para poder pór en marchar proxectos profesionais que sen financiamento non poderían ver a luz.

Esta iniciativa leva o nome do xornalista, colexiado do CPXG e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, Nacho Mirás, que sempre defendeu a valía dos novos xornalistas, o espírito de facerse valer, de formase o máximo posible e defender así o posto de informador, de xornalista.

Esta bolsa pretende ser un pequeno empuxo para eles, para que atopen o seu camiño profesional.

2. Condicóns xerais

- 2.1. Os proxectos terán que ser **inéditos** e non ter outro tipo de financiamento nin privado nin público.
- 2.2. Poderán concorrer a esta convocatoria xornalistas titulados nos últimos anos (2019, 2018, 2017, 2016 e 2015) en **Xornalismo ou Comunicación Audiovisual** e que formalicen a súa inscrición de acordo co disposto nestas bases.
- 2.3. Os titulados de 2019 terán que certificar o seu título o **1 de outubro**, como data límite.
- 2.4. Os traballos poderán ser presentados por unha ou varias persoas, sempre e cando todas cumpran o anterior requisito.
- 2.5. O traballo a presentar é aberto. Poderase presentar calquera proposta de traballo xornalístico (reportaxe escrita, proxectos de radio, audiovisual ou fotográficos, ou relacionados coas novas tecnoloxías), iniciativa para un novo medio ou proxecto que teña como finalidade a información e a comunicación.



3. Prazo e condicións da solicitude das bolsas

- 3.1. O prazo de recepción de propostas abrirase no momento da publicación destas bases e rematará o **30 de abril de 2019**.
- 3.2. A documentación presentada se realizará de acordo coa documentación especificada no punto 4.
- 3.3. Só se aceptarán as propostas que entren dentro do prazo de recepción.
- 3.4. Cada participante poderá presentar un único proxecto.

4. Presentación das solicitudes


- 4.1. A documentación presentada se fará de acordo cos formularios anexos:
 - 4.1.1. Formulario de inscrición, onde figurarán os datos do proxecto e do solicitante/es.
 - 4.1.2. Fotocopia do título en Xornalismo ou Comunicación Audiovisual, ou copia do expediente académico para os estudiantes de último curso.
 - 4.1.3. Breve descripción do proxecto, orzamento e nota sobre o autor/es, que poderá acompañarse dun breve currículo de cada un de eles (non máis dun folio por autor)
 - 4.1.4. Descripción do proxecto e cronoloxía de traballo. Poderá acompañarse dunha memoria detallada de non máis de dous folios.
 - 4.1.5. Orzamento estimado, detallando as partidas que se estima que se van a precisar.
 - 4.1.6. Declaración de non ter concedido nin solicitado ningunha axuda máis.
 - 4.1.7. A documentación enviarase dentro do prazo establecido por correo electrónico a xornalistas@xornalistas.gal.

5. Valoración das propostas

- 5.1. É requisitos imprescindible terse titulado nos últimos anos como xornalista.
- 5.2. Valoraranse os seguintes puntos:
 - 5.2.1. Que o proxecto se materialice en galego
 - 5.2.2. Ser membro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia
 - 5.2.3. Que poida supor unha solución profesional para os solicitantes
 - 5.2.4. A viabilidade futura do proxecto
 - 5.2.5. A orixinalidade
 - 5.2.6. A amplitude xeográfica do proxecto
 - 5.2.7. O traballo en equipo
 - 5.2.8. A documentación da memoria

6. Xurado

- 6.1. A organización designará un xurado que decidirá cales son os proxectos seleccionados. Tres membros da Xunta de Goberno do CPXG, un deles exercerá como secretario, un representante de Abanca, un representante da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC e dous ou tres xornalistas en activo.
- 6.2. O xurado poderá facer, se así o estima oportuno, unha preselección e solicitar más información ou concrecions sobre os proxectos presentados.
- 6.3. O fallo do xurado darase a coñecer no mes de **maio de 2019**.
- 6.4. A participación nesta convocatoria implica a autorización ao CPXG e a Abanca para a utilización do material na difusión das bolsas.
- 6.5. O CPXG e Abanca resérvanse o dereito a publicar a relación das obras seleccionadas, a información correspondente ás mesmas e o nome e apellido dos seus autores por calquera medio que estimen conveniente.
- 6.6. Os traballos quedarán depositados na organización.
- 6.7. A decisión do xurado será inapelábel.



7. Contía

- 7.1. A contía da bolsa é de **8.000 euros**. O xurado determinará cal é o proxecto gañador entre todos os presentados. A bolsa poderá ser dividida só se o xurado considera que entre os proxectos presentados teñen unha valía parella ou ningún é merecedor da totalidade.
- 7.2. De acordo coa normativa vixente, a entrega da bolsa constitúe un rendemento suxeito ao Imposto sobre a Renda de Pessoas Físicas (IRPF), do seu perceptor ou perceptores, sometido á correspondente obriga de retención a conta de dito imposto por parte do pagador.
- 7.3. A bolsa non poderá quedar deserta.

8. O proxecto final

- 8.1. Os proxectos seleccionados materializaranse coas seguintes condicións:
 - 8.1.1. Os proxectos teñen que ser realizados antes do **31 de xaneiro de 2020**. Este prazo poderá ampliarse previa solicitude xustificada e aprobación do xurado.
 - 8.1.2. Nese prazo, o autor do proxecto presentará á organización o traballo rematado así como unha memoria explicativa do proceso de producción e/ou realización do mesmo.
- 8.2. Pagamento. O abono da bolsa realizarase en dúas fases.
 - 8.2.1. O 30% no momento de ser concedida.
 - 8.2.2. O 70% á entrega do proxecto rematado.
- 8.3. Seguimento
 - 8.3.1. O/s autor/es comprométense a completar o proxecto no prazo previsto e de non ser así, e de non ter solicitada ampliación do prazo, terán que devolver á organización as cantidades xa percibidas.
 - 8.3.2. A organización resérvase o dereito de convocar ao autor/es para que presenten un informe de estado do proxecto en calquera momento.
 - 8.3.3. Para a liberación do segundo prazo da bolsa, o autor deberá entregar a correspondente xustificación dos gastos do proxecto a través das facturas, recibos e/ou xustificantes correspondentes. O non cumprimento desta condición pode derivar na modificación das cantidades a percibir (minoracións) ou da non liberación do pagamento.
- 8.4. O proxecto seleccionado será:
 - 8.4.1. Publicado na web da organización.
 - 8.4.2. Divulgado como estime oportuno o xurado.
 - 8.4.3. Cedido aos medios, previa solicitude á organización e comunicación ao gañador.
 - 8.4.4. Publicado ou divulgado en medios propostos polo gañador, previa comunicación á organización
- 8.5. O xurado resérvase o dereito a rexeitar calquera proxecto que non se axuste ao redactado na solicitude do mesmo.

9. Outras normas

- 9.1. A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases, que serán depositadas ante notario.
- 9.2. Non serán admitidas as propostas que non cumpran os anteriores requisitos.
- 9.3. A documentación presentada non será devolta nin se manterá correspondencia sobre ela.
- 9.4. Todas as cuestións que non figuren explicitamente recollidas nestas bases serán resoltas polo xurado ou a comisión organizadora.



FORMULARIOS

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

NOME DO PROXECTO


AUTOR /ES	
Autor-a / Representante do Colectivo	Titulación da que se adxunta copia
Resto de membros do grupo	Titulacións das que se adxunta copias

DATOS DE CONTACTO	
Teléfono / Móbil	
Correo electrónico	
Endereço Postal	

TIPO DE PROXECTO	
<input type="checkbox"/> Prensa escrita <input type="checkbox"/> Radio <input type="checkbox"/> Audiovisual <input type="checkbox"/> Fotográfico <input type="checkbox"/> Web <input type="checkbox"/> Redes Sociais <input type="checkbox"/> Medio de Comunicación <input type="checkbox"/> Empresa de comunicación <input type="checkbox"/> Formación <input type="checkbox"/> Iniciativa social <input type="checkbox"/> Outros (especificar): _____	

*A participación na presente convocatoria implica a aceptación das bases do proxecto
_____, ____ de ____ de 201____*

Sinatura autor-a / Representante



BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO

SOBRE OS AUTORES


ORZAMENTO

_____, ____ de _____ de 201__


Sinatura autor-a / Representante



MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO



CRONOLOXÍA DE TRABALLO



ORZAMENTO DO PROXECTO	
Nome da partida	Cantidadade estimada
TOTAL	

**DECLARACIÓN DE NON TER CONCEDIDA, NIN SOLICITADA, NINGUNHA OUTRA
AXUDA PÚBLICA OU PRIVADA**

Autor-a / Representante do Colectivo:

_____ CO
DNI _____

declara non ter recibido nin pendente de recibir ningunha outra subvención ou axuda de entidade privada ou pública para o proxecto presentado.

Santiago de Compostela, de 201____

Asdo.
